

IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Materia:

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

Curso: 4º ESO

Profesora María Benedicta Mouzo Romero

Contido

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
Introdución.....	3
Contextualización.....	4
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.....	7
4. CONTIDOS.....	8
5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE. .	10
Temporalización.....	10
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	10
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	10
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	10
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	11
8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	11
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	13
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	18
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS. 18	
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	19
13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	19
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	20
15. PLAN LECTOR.....	21
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN.....	22

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución

Esta materia está moi relacionada con outras como Economía e Educación Financeira, pero esta está orientada a montar unha pequena empresa.

Pretende preparar ao alumnado para a vida profesional e para una cidadanía responsable. En concreto, preténdese:

-Fomentar a cultura emprendedora e o espírito emprendedor .

-Traballar as calidades que calquera persoa debe ter para iniciar unha actividade empresarial ou comercial (autoconfianza, motivación de logro, liderado, resistencia ao fracaso...).

-Que se perda o medo a xerar cada un o seu posto de traballo a través do autoemprego, sen esquecer que as empresas cada vez demandan máis persoal con calidades emprendedoras.

-Axudar a tomar decisións clave na vida. Chegado o seu momento, todo adolescente farase maior, recibirá unha nómina, emprenderá un negocio, utilizará tarxetas de crédito, abrirá unha conta corrente, terá unha hipoteca ou alugará unha vivenda, contratará algún produto semellante ás preferentes e, en definitiva, necesitará ter unha base económica sobre a cal fundamentar a súas decisións.

- Poñer en valor o noso patrimonio cultural e artístico: O Encaixe de Camariñas.

Estrutúrase en tres bloques:

- Autonomía persoal, liderado e innovación.
- Proxecto empresarial.
- Finanzas.

Traballaranse contidos como por exemplo:

Autonomía persoal, liderado e innovación: Autoconhecimento, calidades do emprendedor, autoemprego, proceso de busca de emprego, dereitos e deberes do traballador, o contrato de traballo, os riscos laborais,...

Proxecto empresarial: Xeración e avaliación dunha idea de negocio, a empresa, a contabilidade, documentos de cobro e de pago, a función de produción, a comercial e de marketing... **O proxecto empresarial será en relación á temática do Encaixe de Camariñas.**

Finanzas: Tipos de empresa, produtos financeiros e bancarios para pequenas empresas, os impostos que afectan ás empresas, análise económico e financeiro da empresa.

Contextualización

O IES Plurilingüe Pedra da Aguia está ubicado no pobo de Ponte do Porto, no concello de Camariñas.

Esta programación anual como novidade deste curso elabórase polo departamento de Orientación. **Ademais tamén salientamos traballar a materia en relación ao Encaixe como eixe central ao longo do curso, tanto a nivel empresarial como a realización de dita artesanía por parte do alumnado.**

María Benedicta Mouzo Romero, directora do centro e da especialidade de orientación impartirá esta materia de Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial de 4º ESO.

O alumnado desta materia está composto polos que pretenden non facer o bacharelato, senón optar pola FP de grao medio ou acceder directamente ao mundo laboral, polo que ás veces van presentar carencias formativas e/ou de motivación. É un grupo de 15 alumnos/as. Disporán todos de ordenador por formar parte do proxecto E-Dixgal.

O aula na que vaise impartir a materia disporá de proxector e ordenador.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

A contribución a esta competencia realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que debe usarse na elaboración do proxecto emprendedor. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

A contribución da materia á adquisición da competencia matemática realízase mediante a análise do proxecto emprendedor, que necesita o uso de ferramentas matemáticas, a lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.

Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico do TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

O alumno deberá utilizar as TIC no proxecto emprendedor como ferramenta integrante do proceso ensino-aprendizaxe e posteriormente como ferramenta de traballo eficaz na vida cotiá. Buscar, seleccionar e interpretar información permite aos alumnos adquirir a competencia no tratamento da información e a competencia dixital, facilitándolle o achegamento a outras realidades culturais e socioeconómicas

Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica desenvolver a capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

O alumno deberá, á hora de expor o seu proxecto emprendedor, observar e explorar da contorna social no que vive, buscar oportunidades posibles de negocio, aprender a planificar e organizar o traballo, realizar diferentes tarefas, asumir responsabilidades e tomar decisións. Todas as accións anteriores xorden á hora de expor o proxecto, posibilitando a adquisición de aprendizaxes significativas e útiles que contribúen ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

As iniciativas emprendedoras fomentan a adquisición da competencia social e cívica ao lograr un desenvolvemento persoal e profesional que permita unha eficaz incorporación dos individuos a unha contorna laboral real, e porque cada vez en maior medida a sociedade reclama a presenza de persoas emprendedoras, con ideas propias e iniciativa, que de forma responsable e respectuosa estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora esa sociedade. O alumno deberá ser capaz de traballar en grupo, implicarse no proxecto de iniciativa achegando ideas e chegar a consensos co grupo.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

O alumno deberá enfrontarse ao proxecto emprendedor de modo autónomo e creativo, potenciando as capacidades e calidades que cada individuo ten para, deste xeito, enriquecer o proxecto de iniciativa emprendedora do grupo.

Conciencia e expresións culturais. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

O alumno deberá enfrontarse ao proxecto emprendedor tendo en conta a contorna cultural e social que lle rodea, integrando a expresión cultural e artística na súa actividade emprendedora. **Neste senso introduciremos o Encaixe de Camariñas como patrimonio cultural e artístico da nosa Terra da Costa da Morte.**

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

1. Comprender e valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación, fomentando a creatividade como motor de emprendemento nos nosos mozos na sociedade actual.
2. Percibir os trazos que caracterizan á persoa emprendedora mediante exemplos reais de emprendedores galegos.
3. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción socio-laboral, tendo en conta as características da súa contorna.
4. Fomentar a actuación como futuro traballador responsable, coñecendo os dereitos e deberes laborais.
5. Recoñecer o papel do Estado como garante social ante as contingencias que poidan xurdir nas relacións laborais.
6. Valorar a importancia da prevención dos riscos laborais.
7. Desenvolver capacidades para detectar necesidades non satisfeitas e constituír unha organización lucrativa ou non lucrativa, detallando a súa estrutura organizativa e as súas funcións, así como a súa función social.
8. Obter, seleccionar e interpretar información sobre os aspectos socioeconómicos, financeiros e humanos relevantes que afecten o proxecto.
9. Presentar as posibilidades do traballo na rede e a sociedade dixital que facilitan a posta en marcha dun proxecto e o coñecemento dos organismos e institucións que brindan axuda ao emprendedor.

10. Analizar e valorar a importancia da elección da forma xurídica, así como os trámites necesarios para a posta en funcionamento da empresa.

11. Describir as posibles fontes financeiras ás que teñen acceso a través de exemplos prácticos, e optar pola máis adecuada.

12. Analizar a viabilidade económico-financeira do proxecto.

13. Coñecer as obrigacións fiscais das organizacións lucrativas e non lucrativas, valorando a achega que supoñen aos orzamentos públicos.

14. Valorar o noso patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor.

15. Realizar e poñer en práctica a realización de deseños e puntillas do Encaixe de Camariñas.

4. CONTIDOS

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación (1ª Avaliación)

B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.

B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.

B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.

B1.4. Dereito do traballo.

B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.

B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.

B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.

B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.

Bloque 2. Proxecto de empresa: O Encaixe de Camariñas (2ª Avaliación)

B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.

B2.2. Elementos e estrutura da empresa.

B2.3. Plan de empresa.

B2.4. Planificación na empresa.

B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.

B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.

B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas.

Bloque 3. Finanzas (3ª Avaliación)

B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.

B3.2. Elección da forma xurídica.

B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa.

B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).

B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.

B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financiera. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.

B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

Ver táboa da páxina 22 e seguintes.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía debe ser individualizada e eminentemente práctica, evitando longas exposicións teóricas e presentando os contidos do xeito máis claro e conciso posible.

Polo tanto, o proceso de ensinanza-aprendizaxe basarase fundamentalmente na realización de exercicios e actividades dos contidos que se desenvolven, propiciando a iniciativa do alumno, e o proceso de autoaprendizaxe, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e de busca e manexo da información.

Preténdese chegar ós conceptos por medio dos procedementos; chegar á teoría por medio da práctica; **aprender facendo**, sempre e cando as unidades programadas o permitan, e guiados e orientados polo profesor. Basarase o aprendizaxe no **saber facer**.

As actividades complementaranse con explicacións do profesor sobre os contidos das unidades, que á súa vez procurará guiar ó alumno no proceso de **aprender a aprender**.

Faranse actividades individuais e de grupos, procurando que colaboren cos compañeiros, para favorecer o aprendizaxe e o traballo en equipo, así como a toma de decisións colectivas e a distribución de responsabilidades e tarefas.

Ademais introduciremos actividades de deseño e realización de patróns e encaixe de Camariñas.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto de IAEE.

Ordenador persoal con acceso a internet.

Manuais e videos online.

Libreta e bolígrafo.

E_Dixgal

Calculadora

Material necesario para deseño, realización de plantillas e posta en práctica do Encaixe de Camariñas.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Faranse varias probas de avaliación cada trimestre. Esta proba, oral ou escrita, pode conter preguntas tipo test, preguntas cortas ou exercicios e casos prácticos.

A avaliación será continua. Tamén será inicial, formativa e sumativa e reflectirá a diversidade de actividades realizadas na aula ao longo do curso, e a evolución do alumno no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por iso, establécense como criterios de cualificación:

-A realización das actividades de ensinanza-aprendizaxe (exercicios de clase, **deseño de plantillas e realización do Encaixe de Camariñas,**) cunha incidencia do 50% na cualificación.

-As probas específicas de avaliación establecidas con carácter trimestral, cunha incidencia do 50 % na cualificación.

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	33,33%
2. ^a avaliación	33,33%
3. ^a avaliación	33,33%

Atendendo aos criterios de cualificación, no caso de ensino a distancia modificaranse do seguinte xeito:

- Se a crise sanitaria non permite a realización de probas presenciais, poderase optar pola realización de probas telemáticas orais ou escritas.
- Os traballos individuais valoraranse do seguinte xeito:
 - Entrega das tarefas a tempo e correctamente presentadas: sempre (2 puntos), habitualmente (ata 1,5 puntos), ás veces (ata 1 punto) e nunca (0 puntos)

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

ESTÁNDARES	INDICADORES DE LOGRO
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación	
IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica as súas propias fortalezas e debilidades e relacionaas con aquilo ao que se quere dedicar nun futuro. •Realiza unha análise da súa personalidade, comportamento, habilidades, aspiracións, logros e metas. •Establece a relación entre a personalidade e vocación a partir do modelo de Holland. •Señala as habilidades sociais e persoais dunha persoa con iniciativa emprendedora. É capaz de aplicalas en exercicios prácticos a sí mesmo.
IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> •Recoñece a importancia de coñecer unha profesión que gusta. •Identifica os sectores laborais e as profesións asociadas a él. •Utiliza Internet no proceso de búsqueda de emprego. •Busca información acerca das diferentes áreas de actividade profesional do entorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha. Razona que tipo de perfiles son os máis axeitados.
IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica as alternativas para elixir un itinerario académico e profesional ao terminar a ESO. •Recoñece un itinerario académico e profesional.
IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñecer os conceptos de oferta e demanda de traballo. - Coñecer os conceptos de poboación activa, inactiva, ocupada e desempregada. - Calcular a taxa de desemprego da economía. - Identificar as principais normas de dereito que regulan a relación laboral e os seus principios básicos. •Identifica o Dereito de Traballo como

	<p>a rama que regula as relacións laborais e o Estatuto dos Traballadores como a súa norma básica.</p> <p>- Consultar o Estatuto dos Traballadores con criterio.</p>
<p>IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e describe as cinco características da relación laboral. • É capaz de distinguir unha relación laboral de outra que no o é. • Identifica e explica os dereitos e deberes que se derivan das relacións laborais. • Describe que é un contrato de traballo, os elementos, os tipos, quen pode firmalo e a súa forma. • Interpreta correctamente as cláusulas dun contrato de traballo. • Identifica a negociación colectiva e o seu fruto: o convenio colectivo. • Distingue os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais, comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.
<p>IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o funcionamento do sistema de Seguridade Social. - Describir as prestacións do sistema. - Distinguir as distintas contingencias. - Buscar e encontrar información relevante dentro das páxinas web oficiais. - Calcular cota obrera e patronal á Seguridade Social dentro do Réxime Xeral. - Describir en que consiste a prestación por desemprego e calcular o tempo de cobro.
<p>IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<p>- Coñecer os dereitos e deberes en materia de prevención.</p> <p>En supostos concretos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar situacións de risco laboral. - Indicar medidas de prevención. - Indicar técnicas de primeiros auxilios aplicables.
<p>Bloque 2. Proxecto de empresa</p>	
<p>IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as</p>	<p>- Desenvolver unha idea de negocio, analizando e avaliando debilidades, ameazas, oportunidades e fortalezas.</p>

características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	
IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o concepto de empresa e clasificar e distinguir os seus elementos. - Analizar variables relativas ao entorno específico do sector (clientes, provedores, competencia, barreras de entrada, substitutivos). - Desenvolver e analizar, para un caso concreto, real ou simulado, as variables de <i>marketing-mix</i> dentro do marco establecido polo plan de empresa.
IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer distintos tipos de organigramas na empresa e realizar un de eles a partir dun caso real ou simulado. <p>Describir as funcións de cada departamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coñecer o papel dos factores productivos no proceso de produción.
IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	<ul style="list-style-type: none"> -Elabora documentos a longo prazo. -Elabora documentos a curto prazo.
IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece o concepto de patrimonio. - Coñece o concepto de conta patrimonial e distingue os seus tipos. - Clasificar as masas patrimoniais. - Redacta un balance. - Contabiliza operacións sinxelas usando libro diario e libro maior, tanto no papel como nun soporte informático.
IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	<p>Confeccionar notas de pedido, albaráns, cartas comerciais e facturas, tanto no papel como baixo soporte de oficina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cumprimentar cheques, pagarés e letras de cambio, identificando e distinguindo as súas principais figuras (librador, librado, tomador). - Clasificar documentos baixo criterios de arquivo e establecer o tipo de ordenamento máis axeitado.
IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de	<p>Crear materiais de difusión e publicidade con arranxo aos seus coñecementos sobre promoción e comunicación.</p>

comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o concepto de community manager e difundir marca, logo e mensaxe do proxecto a través de redes sociais. - Elaborar unha proposta de valor, identificando e usando correctamente todos os seus elementos.
IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	Tomar decisións de produción relativas á contratación de factores produtivos, contando con información relativa a produción media e marxinal.
IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	<ul style="list-style-type: none"> •Selecciona información acerca das diferentes axudas que hai para a creación de empresas, tanto no seu entorno cercano como no territorial, nacional ou europeo. Consultar webs de axencias de desenvolvemento local. - Localizar accións emprendidas polas Cámaras de Comercio. - Localizar axudas no portal iPyme.
Bloque 3. Finanzas	
IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	<ul style="list-style-type: none"> - Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas. - Coñecer os requisitos de constitución de cada unha delas. - Establecer ventaxas e inconvenientes de levar a cabo a actividade empresarial baixo forma persoal ou societaria.
IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	<p>Enumerar os distintos organismos públicos aos que debe dirixirse a persoa emprendedora á hora de realizar os trámites de constitución de unha empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer que é o DUE.
IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	<ul style="list-style-type: none"> - Describir os trámites que se deben realizar para a constitución e posta en marcha dunha empresa e razo a súa existencia.
IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de	<ul style="list-style-type: none"> - Nun suposto dado, selecciona a forma xurídica axeitada segundo os seguintes factores: a actividade, o número de socios, a

empresarios/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	responsabilidade, a complexidade, o diñeiro dispoñible e os tributos.
IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	Realizar un plan de inversións para a posta en marcha dun proxecto e clasificar tales inversións nun balance de situación.
IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	•Coñecer as alternativas de financiación das empresas, tanto a longo como a curto prazo, internas e externas e determinar o seu coste.
IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	- Realiza un estudo de viabilidade económico-financiera, sirvindose de datos reais relativos ao seu entorno, dunha idea previamente xestada ou suxerida, usando na súa realización a folla de cálculo.
IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	•Estudia os produtos financeiros máis apropiados para empresas do seu entorno ou en casos prácticos.
IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	•Explica e diferencia as obrigacións fiscais das empresas según a actividade a que se dediquen e a función dos principais impostos. •Explica as diferentes obrigacións fiscais as que ten que facer fronte unha empresa. Explica en que consiste o funcionamento básico dos principais impostos e os seus principais diferenzas.
IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	-Explica que fai o Estado cos impostos. -Valora a necesidade de pagar impostos.

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos que non superen os obxectivos previstos ao finalizar a 3ª avaliación, terán dereito á realización **da recuperación das avaliacións suspensas dende o 6 ao 22 de xuño de 2022** (período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final). **Durante este tempo farase unha serie de actividades de recuperación propostas pola profesora, con carácter individualizado en base ás carencias presentadas polo alumno/a. Tamén se contempla a entrega de traballos non presentados no seu momento ou valorados negativamente complementada coa realización dunha proba, oral ou escrita, que pode conter preguntas tipo test, preguntas cortas ou exercicios e casos prácticos.**

Na avaliación final do curso farase efectiva a cualificación definitiva da materia.

O alumnado que xa teña superada a materia, unha vez finalizada a 3ª avaliación poderá subir a nota final ata 1 punto coa realización de tarefas de ampliación.

En relación as materias pendentes, non se conta con ningún alumno/a nesta situación.

En relación á titulación do alumnado, por ser alumnado de 4º ESO, sempre e cando cumpra os requisitos recollidos na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, como profesora da materia de IAEE propoñerei voto a favor da mesma.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Na avaliación inicial, tratarase de detectar ao alumnado que presenta problemas concretos de aprendizaxe.

Para realizar esta avaliación pasarase un cuestionario de coñecementos previos que axudarán a establecer as características, capacidades e formación previa de cada alumno e de cada alumna. Esta información complementarase coas anotacións e observacións do profesor.

Algunhas medidas que poden adoptarse:

- Cambio de sitio de determinados alumnos.
- Establecer medidas de reforzo ou ampliación.
- Cambio nas estratexias metodolóxicas.
- Nas explicacións, incidir máis o menos en determinados contidos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se coa práctica docente diaria observávese na aula a existencia de alumnos con especiais características tales que requirisen formulacións particulares, ofrecerase a estes alumnos, co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, vías adaptadas ás súas necesidades. Estas vías específicas buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder a metas iguais ás propostas aos seus compañeiros.

Algunhas medidas a adoptar polo Departamento serían:

- Realización de actividades de reforzo; facilitarase aos alumnos que o requiran exercicios extra.
- Repaso diario da clase anterior

.Novos procedementos de avaliación.

-Cambio de lugar dos alumnos na aula.

-Aumento da variedade de recursos didácticos empregados.

Se as dificultades que mostrase o alumno fosen superiores, exporase xunto co resto de Departamentos e a coordinación do Departamento de Orientación do centro as correspondentes adaptacións curriculares.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

De xeito transversal, ao longo de todo o curso, o docente ocuparase de garantir que as clases se desenvolvan respectando os seguintes valores e principios:

- A democracia e o respecto á legalidade como principio absoluto.

- O uso do dialogo como forma de resolución de conflitos e a renuncia manifesta a toda forma de violencia.

- O respecto ás compañeiras e compañeiros, ás profesoras e profesores e demais membros da comunidade educativa.

- O respecto a outras culturas, países, relixións, razas.

- Utilización non sexista da linguaxe.

- Condena incondicional a calquera forma de violencia de xénero.

- Eliminación progresiva dos tópicos sobre xénero e profesións.

-Desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

-Os riscos de explotación e abuso sexual e as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Propóñense como actividades complementarias as seguintes:

- Visitar algunha empresa do contorno.
- Charla dun empresario ou responsable dunha empresa.
- Participación nalgunha xuntanza de palilleiras e/ou Mostra do Encaixe.**
- Coloquio con antigos alumnos que contan a súa experiencia emprendedora.

A realización destas actividades está suxeita á aprobación do xefe de actividades complementarias e extraescolares, á dispoñibilidade das persoas alleas ao instituto que deben participar nelas, así como de que se foran cumprindo ao seu tempo os contidos programados.

15. PLAN LECTOR

A lectura promoverase ao longo do curso mediante:

- **Lectura de textos de tipo empresarial e posterior debate na aula.** Ao longo do curso, co avance das unidades didácticas, facilitarase ao alumno diversos textos para a súa lectura en clase en voz alta con paradas breves nas que se pedirá ao alumno un resumo do lido até ese momento. O obxectivo é que o alumno asimile e comprenda o que le á vez que o fai.

-**Lectura do libro de texto de referencia.** O seguimento da materia non soamente farase mediante as explicacións do profesor e a toma de notas ou apuntamentos en clase senón tamén a través de material que estea na aula virtual. Pedirase aos alumnos a lectura en casa e en clase de textos para que se fixen en determinados contidos e aprendan a extraer os fundamentais de cada tema mediante as técnicas do subliñado ou a realización de esquemas e resumos escritos.

-Prensa . Puntualmente, levaremos a prensa á aula para que o alumno pódase familiarizar coa linguaxe xornalística utilizado e á vez adquiran o gusto e a curiosidade pola lectura deste tipo de prensa.

Lectura de fragmentos de libros relacionados coa materia e seleccionados polo profesor.

- **Lectura artigos revista Emprendedores**. Leranse en clase artigos da revista para que os alumnos interésense polas experiencias sufridas polos novos emprendedores.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN

Farase un seguimento mensual da programación sinalando no acta do departamento as diferenzas salientables.

No último mes do curso, o profesor pasará un cuestionario, anónimo e individual, sobre a valoración que os alumnos realizan da practica docente e doutros aspectos xerais do centro. Os resultados da devandita enquisa servirán para buscar solución en aqueles aspectos que se manifestaron negativos ou mellorables. Se fose necesario, levaranse a cabo modificacións da programación docente.

Establécense varios criterios:

- 1) Se se acadaron os obxectivos propostos;
- 2) Se a proposta de actividades foi axeitada;
- 3) Se foi necesario facer adaptacións;
- 4) Grao de cumprimento da temporalización.
- 5) Nivel de aplicación das TICs e estratexias para aumentar a súa utilización na clase.
- 6) Grao de desenvolvemento do plan lector e posibles axustes.

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL 4º ESO		P	C.CLAVE	INST. AVALLAC	TEMPORALIZACIÓN ESTÁNDARES EN UNIDADES DIDÁCTICAS														
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados				U1	U2	U3	U4	U5	U6	U7	U8	U9						
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación																			
B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	2	CSIEE CAA	PE	x		x												
	IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	2	CD CAA CSIEE	PE	x		x												
B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	2	CAA CSIEE	PE	x														
B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	2	CSC CSIEE	PE			x												
	IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	2	CSC CSIEE CMCCT	PE			x												
	IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas mediante búsquedas en las webs institucionales.	2	CCL CSC CSIEE	PE			x												
	IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	2	CSIEE CAA CMCCT	PE			x												

Bloque 2. Proxecto de empresa		P	CC	IA	U1	U2	U3	U4	U5	U6	U7	U8	U9	
B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.	IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	2	CSIEE CAA	PE				x						
	IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, alma-cenaxe, etc.).	2	CSIEE CMCCT CD	PE				x						
	IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	2	CSIEE CCL CMCCT	PE				x						
	IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	2	CCL CSIEE CMCCT	PE				x						
B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	2	CD CMCCT CAA	PE					x					
	IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	2	CCL CSIEE CD CMCCT	PE					x					
B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.	IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	2	CCL CSIEE CD CMCCT	PE						x				
	IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	2	CSIEE CMCCT CD CAA	PE							x			
	IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formu-lado.	2	CD CMCCT CSIEE	PE							x			

Bloque 3. Finanzas		P	CC	IA	U1	U2	U3	U4	U5	U6	U7	U8	U9	
B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	2	CSIEE CMCCT	PE							x			
	IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	2	CD CMCCT CSIEE	PE								x		
	IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	2	· CSC · CMCCT	PE								x		
	IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	2	CAA CSIEE CMCCT	PE								x		

B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	2	CSIEE CMCCT CD	PE															x	
	IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	2	CMCCT CD CSIEE	PE																x
B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	2	CD CSIEE CAA CMCCT	PE															x	
	IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	2	CAA CSIEE CMCCT CD	PE																x
	IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	2	CMCCT CD CSIEE	PE																x
	IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado	2	CSC CAA	PE																x